

CONVOCATORIA DO I CONCURSO DE RELATOS CURTOS “HISTORIAS DE MULLERES”

BASES

1. Establécense, para o citado concurso dúas categorías: unha xuvenil, dirixida a persoas de entre 12 e 16 anos de idade; e outra adulta, para persoas de 16 a 35 anos de idade. (Terase en conta a idade no último día do prazo de presentación)
2. Os traballos realizaranse en galego, orixinais e inéditos, cunha extensión máxima de 1000 palabras (sen incluír o título) e cunha temática que trate sobre a violencia, en todas as súas expresións, exercida sobre as mulleres; a igualdade entre mulleres e homes; as súas liberdades e diversidades sexuais e todo aquilo relacionado coa temática.
3. **Lugar de Presentación:** Os traballos serán enviados á Asociación Barbancesa de Axuda e Solidariedade (A.B.A.S.), ao seu enderezo electrónico coordinador.abas.asoc@gmail.com Nun documento, en formato Pdf, enviarase o citado traballo, que virá asinado cun pseudónimo ou alcume (deste xeito garántese que o xurado descoñeza a autoría), noutro documento, en formato pdf ou word, achegarase: Nome do Traballo, Nome e Apelidos, DNI, Data de Nacemento, Enderezo Electrónico, Enderezo Postal e Teléfono. **Recibirase confirmación.**
4. **Prazo de Presentación:** O prazo de presentación remata o día 10 de novembro do ano 2018.
5. O xurado estará formado por catro persoas con coñecementos na materia de xénero e na literatura. Será competente para resolver aquelas cuestións que non estean recollidas nas bases.
6. Os premios serán os seguintes:
 - Categoría Adulta: 1º Premio dun vale por valor de 150€ nos comercios de Pobra do Caramiñal mais lote de libros da **Fundación Barrié** e 2º Premio de 50€ nos comercios de Pobra do Caramiñal mais un lote de libros de **Rinoceronte Editora** e outro da **Fundación Barrié**.
 - Categoría Xuvenil: 1º Premio dun vale de 80€ nos comercios de Pobra do Caramiñal mais lote de libros da **Fundación Barrié** e 2º Premio de 40€ nos comercios de Pobra do Caramiñal mais lote de libros da **Fundación Barrié**.
7. As persoas que presenten traballos a este concurso, declaran ser responsables da autoría e orixinalidade dos mesmos.
8. A.B.A.S. e/ou o Concello de Pobra do Caramiñal, resérvanse o dereito á publicación e difusión dos traballos.